


Curso: Uso didáctico dos novos medios

Encerado dixital interactivo



2ª

Ficha de traballo:

Instalación do software

1. ¿Que programa necesitamos instalar no Pc para que funcione o encerado Smart Board?

Necesitamos a versión actualizada do software, que trae o encerado nun CD ou podemos descargar da web oficial:

- Páxina oficial de Smart Board: <http://int.smarttech.com/sti/es>

Este software instala o driver de conexión para o pecé, o programa Notebook para traballar as actividades, e a galería de recursos. Programas complementarios como ; Visor de actividades, Number Cruncher, Toolkit, Smart Speller, Linq etc. poden ser instalados para implementar as prestacións do software.

- **PASO 1º**_Prememos no arquivo executable: **SMARTBOARDsoftware97440.exe** deixamos que remate a instalación. Cando remate, o programa intentará descargar as galerías de recursos dende a Rede. O paramos e :
- **PASO 2º**_Prememos no arquivo executable: **EssentialsforEducators.exe** seleccionamos as galerías desexadas e complatamos a instalación.
- **PASO 3º**_Comprobamos que na barra de tarefas, abaixo a dereita, dispoñemos dunha icona de acceso o encerado dixital.
- **PASO 4º**_No menú anterior, no panel de control, configuramos o idioma galego.
- **PASO 5º**_No menú anterior, abrimos o **Notebook**, comprobando que funciona e que dispoñemos das galerías de recursos.
- **PASO 6º**_ No menú anterior, abrimos as **ferramentas flotantes** e as configuramos o noso xeito.

2. Exposición das funcionalidades básicas para ensinar o manexo elemental os asistentes

- Conexión de todo o equipamento portátil: cañón enfoque e axuste;conmutación de saída de vídeo, cable USB.
- Calibración do encerado: axuste dos sensores.
- Emprego básico: Manexo do punteiro, clic, dobre clic, arrastre, botón dereito e barra de desprazamento. Manexo dos rotuladores e o borrador. O teclado virtual. Tipos de teclado. Recoñecemento da escritura.